

NICOMEDES O PELADO

Texto e ilustracións de PINTO&CHINTO

Encadernado en cartóné. 16,5 x 30 cm. 48 páx. 15 €.

THE WHITE RAVENS 2014

Nicomedes o pelado (galego)

ISBN 978-84-8464-697-6. MareMar.

Nicomedes el pelón (castelán)

ISBN 978-84-92608-69-0. Libros para soñar.

Nicomedes o careca (portugués)

ISBN 978-989-749-001-9. Livros para sonhar.

Nicomedes tiña unha fermosa cabeleira.

*Pero, aos poucos, foi perdendo o pelo
ata que quedou completamente calvo.*

Entón puxo unha perruca.

E sucedeu que lle subiu un peiteador á cabeza...

Nicomedes non atopa ningunha solución óptima para a súa prematura calvicie: a cada alternativa á frondosa cabeleira roxa que lucía, xorde un inesperado e molesto inconveniente, cada cal máis absurdo. De súpeto, comezan a subirlle á cabeza un peiteador, unha parella de bailaríns, unha avoa afeccionada á calceta... Pero afortunadamente antes de que acabe perdendo a paciencia -e o calete-, ocórreselle unha idea moi práctica.

“Nicomedes o pelado” é unha historia breve e orixinal, humorística e surrealista. Podería ter saído de calquera dos anteriores libros de relatos de Pinto&Chinto, entre os que destaca “Contos para nenos que dormen deseguida”, publicado por KALANDRAKA e seleccionado na lista The White Ravens 2011 (Munich). Pero a insólita vivencia deste simpático calvo adquire entidade propia, cunhas ilustracións moi expresivas e cheas de colorido, para contarnos que case ningún problema -nin sequera a inevitable caída do pelo- é tan importante como para non atopar unha saída máis vantaxosa e facer dun relativo ‘defecto’ unha gran virtude.



■ **Temática:** relato surrealista, humor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** incluído na lista The White Ravens 2014; nonsense; dos autores de “Contos para nenos que dormen deseguida” (The White Ravens 2011); do ilustrador de “Almanaque musical” (2º Premio de Ilustración no Festival do Libro Infantil de Sharjah 2012, Emiratos Árabes) e “Compostela” (finalista do premio da Fundación de Cultura CJ de Corea).

Pinto & Chinto

David Pintor (A Coruña, 1975) & Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967)

David Pintor e Carlos López comezaron a colaborar como humoristas gráficos en 1993 e dende entón traballaron en varios xornais. Actualmente publican unha viñeta de humor diaria en La Voz de Galicia. Hoxe son a principal referencia da caricatura política en Galicia. Entre os seus premios de humor gráfico destacan o Curuxa do Humor (Museo do Humor de Fene), o Haxtur (Salón Internacional do Cómic de Oviedo) e o Hermés (Concello de Barakaldo). En 2001 inician a súa exitosa incursión na literatura infantil. Tras máis de 20 libros convertéronse nuns dos autores máis galardoados e prolíficos de Galicia: Premio Merlín, Premio Raíña Lupa, Premio Martín Sarmiento, Premio Pura e Dora Vázquez, selección na Feira Internacional de Boloña en 2007, 2010, 2011 e 2013, na Bienal Internacional de Bratislava, e premio especial do xurado no Festival do Libro Infantil de Corea Nami Island. <http://davidpintor.blogspot.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com